



Concello de  
**OURENSE**

## **58/21.- ACTA ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23 DE DECEMBRO DE 2021**

Na cidade de Ourense, o vinte e tres de decembro de 2021, sendo as oito horas e trinta minutos (08h:30'), reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria en primeira convocatoria, na Casa do Concello, cos seguintes asistentes: Excmo. Sr Alcalde-Presidente: **D. Gonzalo Pérez Jácome**. Srs/as. Concelleiros/as: **D. Telmo Manuel Ucha Álvarez, dona Ana María Fernández Morenza, dona Flora Moure Iglesias e don Armando Ojea Bouzo**, que actúa como Concelleiro-Secretario da Xunta, -non asistindo **don Jorge Pumar Tesouro**- -asisten como invitados: A Oficial maior, dona Silvia Alonso Fernández; o Interventor municipal, don Gonzalo Alonso Alvarez e o Asesor xurídico, don Juan Ramón Costas Núñez- -non asiste a letrada municipal-; ao obxecto de examinar os asuntos incluídos na orde do día e seguindo os informes dos pertinentes Servizos municipais, sobre os que se adoptaron os seguintes acordos:

### **APROBACIÓN ACTA**

**1.- Aprobáronse** por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), as actas das sesións ordinaria e, extraordinaria e urxente, da Xunta de Goberno Local de 16 e 17 de decembro de 2021, respectivamente.

### **AVOGACÍA CONSISTORIAL**

**2.- Dar conta da sentenza ditada polo Xulgado do contencioso administrativo nº 2 de Ourense, no procedemento ordinario 197/2020 promovido a instancia de Oscar Fernández Varela. Expte. 2021049478**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

**1º.- Coñecer e non recorrer** a sentenza 249/2021 ditada polo Xulgado do contencioso administrativo nº 2 de Ourense, no procedemento ordinario 197/20B interposto por Oscar Fernández Varela, contra a resolución expresa do Alcalde de Ourense, desestimatoria do recurso de reposición interposto contra o Decreto 2020003575 da Concelleira Delegada de Urbanismo no expte 2019013618.

**2º.-** No suposto de que se acorde interpoñer recurso de apelación, comparecer nas actuacións que se sigan diante da Sala do contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. A tal fin confíreselle a representación municipal á Avogacía Consistorial.

**3.- Darlle** traslado da sentenza ao Servizo de Urbanismo, Negociado de Disciplina, para o seu coñecemento e efectos oportunos.



**3.- Personamento do concello diante do Xulgado de Instruccion num. 3 de Ourense en calidade de perxudicado e aportar valoración dos danos nas Dilixencias Previas núm. 1896/2021. Expte. 2021049787**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

**Darse por informada** de que o Xulgado de Instrución núm. 3 de Ourense emprazou ao Concello para comparecer en calidade de perxudicado e aportar valoración dos danos nas Dilixencias Previas núm. 1896/2021 que se seguen pola comisión dun delito de resistencia grave á autoridade, e danos en bens de titularidade municipal, (dispositivo de comunicación e pantalón do uniforme) polos feitos ocorridos o 29 de novembro de 2021 e que constan no Atestado 10092/21, e **acordar** o personamento.

**4.- Sentenza ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no Procedemento Ordinario núm. 27/2021, promovido por D<sup>a</sup> Cristina Rodríguez Martínez. Expte. 2021050217**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

**Retirar** este asunto da orde do día para un mellor estudo.

**5.- Sentenza núm. 211/21 ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no Procedemento Ordinario núm. 80/2020, promovido por D. Antonio Soto Soto, D. José Luis Soto Soto, D. Ramón Soto Soto e D. Elías Moran Gómez. Expte. 2021050226**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

**1º.- Coñecer** e interpoñer recurso de apelación diante da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia contra a sentenza núm. 211/21 de 29 de novembro de 2021 ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no recurso contencioso-administrativo núm. 80/2020. A tal fin confíreselle a representación municipal á Avogacía Consistorial.

**2º.- Darlle** traslado da sentenza ao Servizo de Urbanismo, Planeamento e Xestión Urbanística, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**6.- Sentenza núm. 216/21 ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no Procedemento Ordinario núm. 250/2020, promovido por D<sup>a</sup> Pilar Martínez Rivas. Expte. 2021050231**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

**1º.- Coñecer e non recorrer** a sentenza núm. 216/21 de 10 de decembro de 2021, ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento ordinario núm. 250/2020.

**2º.-** No suposto de que se interpoña recurso de Apelación pola outra parte, comparecer nas actuacións que se sigan diante da Sala Contenciosa-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. A tal fin confíreselle a representación municipal á Avogacía Consistorial.

**3º.- Darlle** traslado da sentenza a Consellería de Urbanismo, Disciplina Urbanística, para o seu coñecemento e efectos oportunos.





**7.- Sentenza núm. 223/21 ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no Procedemento Abreviado núm. 97/2021, promovido por D<sup>a</sup> Josefa Martínez Campos. Expte. N<sup>o</sup> 2021050206**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

1<sup>o</sup>.- **Coñecer** a sentenza núm. 223/21 de 15 de decembro de 2021, ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 97/2021.

2<sup>o</sup>.- **Darlle** traslado da sentenza ao Órgano de Xestión Tributaria para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**8.- Sentenza ditada pola Sala contenciosa-administrativa, Sección 2<sup>a</sup>, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de A Coruña, no recurso de apelación núm. 4119/2020, promovido por D. Antonio Alén Fernández. Expte. 2021050241**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

1<sup>o</sup>.- **Coñecer e non recorrer** a sentenza de 19 de novembro de 2021, ditada pola Sala contenciosa-administrativa, Sección 2<sup>a</sup>, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de A Coruña, no recurso de apelación núm. 4119/2020.

2<sup>o</sup>.- No suposto de que se interpoña recurso de Casación pola outra parte, comparecer nas actuacións que se sigan diante da Sala Contenciosa-Administrativo do Tribunal Supremo o ante Sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. A tal fin confíreselle a representación municipal á Avogacía Consistorial.

3<sup>o</sup>.- **Darlle** traslado da sentenza ao Servizo de Urbanismo (Disciplina urbanística), para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**9.- Sentenza ditada pola Sala contenciosa-administrativa, Sección 2<sup>a</sup>, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de A Coruña, no recurso de apelación núm. 4209/2021, promovido por D. José Miguel Reza Pérez, D. Alfonso Sánchez Izquierdo, D. Francisco Javier Gómez Fernández, Reza Arquitectura, Ingeniería y Urbanismo S.L., D<sup>a</sup> Jesusa Mosquera Rodríguez, D. Cesáreo Álvarez Pereira, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José González Bouzo, Comunidade Hereditaria de D<sup>a</sup> Cristina Muñiz Tabarés, conformada por D<sup>a</sup> Aránzazu e D. Borja Sánchez Muñiz. Expte. 2021050245**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

1<sup>o</sup>.- **Coñecer e non recorrer** a sentenza de 26 de novembro de 2021, ditada pola Sala contenciosa-administrativa, Sección 2<sup>a</sup>, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de A Coruña, no recurso de apelación núm. 4209/2021.



2º.- No suposto de que se interpoña recurso de Casación pola outra parte, comparecer nas actuacións que se sigan diante da Sala Contenciosa-Administrativo do Tribunal Supremo o ante a Sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. A tal fin confíreselle a representación municipal á Avogacía Consistorial.

3º.- **Darlle** traslado da sentenza ao Servicio de Urbanismo (Disciplina urbanística), para o seu coñecemento e efectos oportunos.

## **SERVIZO DE LICENZAS URBANÍSTICAS, DE ACTIVIDADE, APERTURA E DISCIPLINA**

### **LICENZAS**

#### **10.- D. Luis González Bergantiños e Doña Josefa Pérez Cid, proxecto básico e de execución de rehabilitación integral de vivenda unifamiliar sita na rúa das Adegas, 6. Exp. Sección Licenzas Urbanísticas 2021036990.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

**1.- Conceder** a don Luís González Bergantiños e dona Josefa Pérez Cid, licenza urbanística de obra para a rehabilitación integral de vivenda unifamiliar situada en rúa das Adegas, nº 6, segundo o proxecto básico e de execución redactado polos arquitectos don Daniel López Ben e don Pablo Noya Suárez, quen asume a dirección facultativa das obras, asumindo a dirección de execución material e a coordinación de seguridade e saúde o arquitecto técnico don Marcos Vázquez Álvarez, e cun orzamento de execución material de 84.523,20 euros.

**2.- Requerir** ás solicitantes para que unha vez rematadas as obras acheguen certificado final de obra asinado por técnicos competentes no que conste que as obras están completamente rematadas e axústanse á licenza outorgada, comunicándose ademais a data a partir da cal se poderá virar a preceptiva visita de comprobación.

O presente acordo tómase en base aos informes técnicos da arquitecta municipal de data 29 de setembro de 2021 e 16 de decembro de 2021; da resolución de data 26 de novembro de 2021 adoptada pola directora xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia e do informe xurídico-proposta de data 17 de decembro de 2021, que forman parte deste acordo para os efectos de motivación, e que se trasladarán aos interesados.

**Réxime de recursos:** Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao de recepción da notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o xulgado Contencioso-Administrativo de Ourense no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao de recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

### **Condicións xerais:**

1.- Conforme ao disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, prazo de iniciación das obras é de 6 meses contados a partires do día seguinte do que se reciba o presente documento e despois de comezadas as obras non poderán suspenderse por un período superior a seis meses (salvo resolución xudicial).



Asi mesmo, o prazo de terminación das obras é de tres anos contados do mesmo xeito que o sinalado no parágrafo anterior.

A administración poderá conceder prórrogas dos referidos prazos, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga non poderá concederse por prazo superior ao inicialmente acordado.

A caducidade da licenza será declarada pola Administración municipal previa tramitación dun procedemento con audiencia ao interesado.

2.- Rematadas as obras e dentro dos oito días seguintes, porao por escrito en coñecemento do Concello, previa retirada das madeiras, estadas e materiais sobrantes para deixar expedito o paso e limpa a rúa, que deberá repoñerse o seu estado anterior ás obras, substituindo o pavimento deteriorado ou que fose removido.

3.- O Alcalde, por si ou por medio dos técnicos municipais ou da Inspección Municipal de Obras, poderá visitar as obras cando o considere convinte co fin de recoñecer o seu estado de construción e comprobar o cumprimento das condicións en que se concedeu esta licenza.

4. - Durante a execución das obras deberanse observar as seguintes prescricións:

En toda obra de nova planta ou de reforma é preceptiva a colocación de valo a unha altura mínima de 2,00 metros sendo a distancia ao bordo de 1,00 metro nas beirarrúas que teñan 2 ou máis e de 0,60 nas de menos. Se a rúa non ten beirarrúa, o valo colocarse á aliñación do edificio. Nos sitios onde exista beirarrúa de pedra, executarase a fábrica de ladrillo sobre un apoio ou zócolo non adherido ao pavimento, de xeito que poida demolerse o valo sen dano para a baldosa. A construción poderá ser de ladrillo revestido e branquexado, ou pranchas metálicas entrevigadas. Non se autorizan valos de madeira, aglomerado de madeira, canizos, arpilleiras, etc.

Para o acceso á obra, colocaranse portas de madeira ou metálicas, que abrirán cara adentro.

Unha vez salvada a planta baixa, será obrigatoria a retirada do valo de protección, debendo substituírse por outra aérea voada, construída de xeito que impida a caída de obxectos á rúa. O seu saínte será o ancho da beirarrúa cun máximo de 2 metros e a súa fronte e costados terán unha altura mínima de dous metros. En cada unha das plantas haberá de colocarse unha rede protectora.

Queda prohibido depositar materiais fóra do valo de protección. A responsabilidade polo incumprimento da obriga a que se refire este apartado esixirase ao contratista das obras e subsidiariamente ao propietario, caso de ser distinto daquel.

Para a carga, descarga, depósito e labrado de materiais e extracción de entullos, aterase ás disposicións das Ordenanzas e da autoridade municipal.

Deberá darse cumprimento ó contemplado no Decreto 352/2002 de 5 de decembro polo que se regula a produción de residuos de construción e demolición, debendo o produtor de residuos contar coa preceptiva autorización da Consellería de Medio Ambiente.



**11.- Comunidade de Propietarios, proxecto básico e de execución de instalación de ascensor sito Ramón Puga 10. Expte. Sección Licenzas Urbanísticas 2021005177.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

**1.- Desestimar** as alegacións presentadas por dona Encarnación Santos Balvís, dona Pilar Dacruz Cid e don José Luis Balado Dacruz, todos eles representados por don Manuel Sánchez Aguirre, polos motivos expostos no informe técnico de data 14 de xuño de 2021 e o xurídico de data 15 de decembro de 2021.

**2.- Conceder** á “Comunidade de Propietarios da rúa Ramón Puga Noguerol, nº10” licenza urbanística de obra para a instalación dun ascensor no edificio de vivendas situado na rúa Ramón Puga Noguerol, nº10, en chan urbano consolidado, segundo o proxecto básico e de execución redactado pola arquitecta dona Laura Barja Regueira, quen asume a dirección facultativa da obra, asumindo a dirección de execución da mesma o arquitecto técnico don Miguel Ángel Añel Pato, cun orzamento de execución material de 74.285,72 euros.

**3.- Requerir** ao solicitante para que unha vez rematadas as obras achegue certificado final de obra asinado por técnicos competentes no que conste que as obras están completamente rematadas e axústanse á licenza outorgada, comunicándose ademais a data a partir da cal se poderá virar a preceptiva visita de comprobación.

O presente acordo tómase en base aos informes técnicos da arquitecta municipal de data 14 de xuño de 2021 e 8 de outubro de 2021 e do informe xurídico-proposta de data 15 de decembro de 2021, que forman parte deste acordo para os efectos de motivación, e que se trasladarán aos interesados.

**Réxime de recursos:** Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao de recepción da notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o xulgado Contencioso-Administrativo de Ourense no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao de recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

**Condicións xerais:**

1.- Conforme ao disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o prazo de iniciación das obras é de 6 meses contados a partires do día seguinte do que se reciba o presente documento e despois de comezadas as obras non poderán suspenderse por un período superior a seis meses (salvo resolución xudicial).

Así mesmo, o prazo de terminación das obras é de tres anos contados do mesmo xeito que o sinalado no parágrafo anterior.

A administración poderá conceder prórrogas dos referidos prazos, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga non poderá concederse por prazo superior ao inicialmente acordado.

A caducidade da licenza será declarada pola Administración municipal previa tramitación dun procedemento con audiencia ao interesado.

2.- Rematadas as obras e dentro dos oito días seguintes, porao por escrito en coñecemento do Concello, previa retirada das madeiras, estadas e materiais sobrantes para deixar expedito o paso





e limpa a rúa, que deberá repoñerse o seu estado anterior ás obras, substituindo o pavimento deteriorado ou que fose removido.

3.- O Alcalde, por si ou por medio dos técnicos municipais ou da Inspección Municipal de Obras, poderá visitar as obras cando o considere convinte co fin de recoñecer o seu estado de construción e comprobar o cumprimento das condicións en que se concedeu esta licenza.

4.- Durante a execución das obras deberanse observar as seguintes prescricións:

En toda obra de nova planta ou de reforma é preceptiva a colocación de valo a unha altura mínima de 2,00 metros sendo a distancia ao bordo de 1,00 metro nas beirarrúas que teñan 2 ou máis e de 0,60 nas de menos. Se a rúa non ten beirarrúa, o valo colocarse á aliñación do edificio. Nos sitios onde exista beirarrúa de pedra, executarase a fábrica de ladrillo sobre un apoio ou zócolo non adherido ao pavimento, de xeito que poida demolerse o valo sen dano para a baldosa. A construción poderá ser de ladrillo revestido e branquexado, ou pranchas metálicas entrevigadas. Non se autorizan valos de madeira, aglomerado de madeira, canizos, arpilleiras, etc.

Para o acceso á obra, colocaranse portas de madeira ou metálicas, que abrirán cara adentro.

Unha vez salvada a planta baixa, será obrigatoria a retirada do valo de protección, debendo substituírse por outra aérea voada, construída de xeito que impida a caída de obxectos á rúa. O seu saínte será o ancho da beirarrúa cun máximo de 2 metros e a súa fronte e costados terán unha altura mínima de dous metros. En cada unha das plantas haberá de colocarse unha rede protectora.

Queda prohibido depositar materiais fóra do valo de protección. A responsabilidade polo incumprimento da obriga a que se refire este apartado esixirase ao contratista das obras e subsidiariamente ao propietario, caso de ser distinto daquel.

Para a carga, descarga, depósito e labrado de materiais e extracción de entullos, aterase ás disposicións das Ordenanzas e da autoridade municipal.

Deberá darse cumprimento ó contemplado no Decreto 352/2002 de 5 de decembro polo que se regula a produción de residuos de construción e demolición, debendo o produtor de residuos contar coa preceptiva autorización da Consellería de Medio Ambiente.

**12.- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Mercedes López Hernández, licenza de obra en vía de legalización para as obras de acabados interiores e de realización de escaleira que comunica as dúas plantas do inmovible sito na rúa Tas do Curro 5-Seixalbo. Expte. Sección Licenzas Urbanísticas 2021038540.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

**1.- Conceder** a dona M<sup>a</sup> Mercedes López Hernández, con NIF \*\*\*46.98\*\*, e don Luis Jesús Iglesias Fernández, con NIF \*\*\*89.65\*\*, licenza de obra en vía de legalización para as obras de acabados interiores e de realización de escaleira que comunica as dúas plantas do inmovible sito na rúa Tras do Curro nº 5 de Seixalbo, Ourense (con referencia catastral 4345058NG9844S0001YP), en solo urbano, consonte ao proxecto e os anexos redactados polas arquitectas Emma Noriega García e Paula Feijoo Calviño, cun orzamento de execución material de 5.162,80 euros, e de conformidade



co informe técnico de data 10 de novembro de 2021 e co xurídico de 14 de decembro de 2021 dos que se achega copia a efectos de motivación.

**2.- Requerir** ao solicitante para que unha vez rematadas as obras achegue certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente rematadas e axustadas á licenza outorgada, e comunique a data a partir da cal poderá xirarse visita de comprobación por tódolos técnicos municipais ou sectoriais que informaron o proxecto.

**Réxime de recursos:** Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

#### **Condicións Xerais:**

1.- Conforme ao disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o prazo de iniciación das obras é de 6 meses contados a partires do día seguinte ó que se reciba o presente documento non podendo interromperse por tempo posterior a seis meses.

Ase mesmo, o prazo de terminación das obras é de tres anos contados do mesmo xeito que o sinalado no parágrafo anterior.

A administración poderá conceder prórrogas dos referidos prazos, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga non poderá concederse por prazo superior ao inicialmente acordado.

A caducidade da licenza será declarada pola Administración municipal previa tramitación dun procedemento con audiencia ao interesado.

2.- Rematadas as obras e dentro dos oito días seguintes, porao por escrito en coñecemento do Concello, previa retirada das madeiras, estadas e materiais sobrantes para deixar expedito o paso e limpa a rúa, que deberá repoñerse o seu estado anterior ás obras, substituíndo o pavimento deteriorado ou que fose removido.

3.- O Alcalde, por si ou por medio dos técnicos municipais ou da Inspección Municipal de Obras, poderá visitar as obras cando o considere convinte co fin de recoñecer o seu estado de construción e comprobar o cumprimento das condicións en que se concedeu esta licenza.

4.- Durante a execución das obras deberanse observar as seguintes prescricións:

En toda obra de nova planta ou de reforma é preceptiva a colocación de valo a unha altura mínima de 2,00 metros sendo a distancia ao bordo de 1,00 metro nas beirarrúas que teñan 2 ou máis e de 0,60 nas de menos. Se a rúa non ten beirarrúa, o valo colocarase á aliñación do edificio. Nos sitios onde exista beirarrúa de pedra, executarase a fábrica de ladrillo sobre un apoio ou zócolo non adherido ao pavimento, de xeito que poida demolerse o valo sen dano para a baldosa. A construción poderá ser de ladrillo revestido e branquexado, ou pranchas metálicas entrevigadas. Non se autorizan valos de madeira, aglomerado de madeira, canizos, arpilleiras, etc.

Para o acceso á obra, colocaranse portas de madeira ou metálicas, que abrirán cara a dentro.





Unha vez salvada a planta baixa, será obrigatoria a retirada do valo de protección, debendo substituírse por outra aérea voada, construída de xeito que impida a caída de obxectos á rúa. O seu saínte será o ancho da beirarrúa cun máximo de 2 metros e a súa fronte e costados terán unha altura mínima de dous metros. En cada unha das plantas haberá de colocarse unha rede protectora.

Queda prohibido depositar materiais fóra do valo de protección. A responsabilidade polo incumprimento da obriga a que se refire este apartado esixirase ao contratista das obras e subsidiariamente ao propietario, caso de ser distinto daquel.

Para a carga, descarga, depósito e labrado de materiais e extracción de entullos, aterase ás disposicións das Ordenanzas e da autoridade municipal.

Deberá dar debido cumprimento á Ordenanza municipal de Limpeza vixente.

Deberá darse cumprimento ó contemplado no Decreto 174/2005 de 9 de xuño polo que se regula a produción de residuos de construción e demolición, debendo o produtor de residuos contar coa preceptiva autorización da Consellería de Medio Ambiente.

## **SERVIZO DE PLANEAMENTO, XESTIÓN URBANÍSTICA E PATRIMONIO**

### **PATRIMONIO**

#### **13.- Reclamación de responsabilidade patrimonial polas lesións e danos materiais sufridos como consecuencia dunha caída na praza Eduardo Barreiros.- Expediente R. Patrimonial: 2020008309**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

**Único.- Desestimar** o recurso de reposición interposto por dona Cristina Álvarez Iglesias, contra o acordo núm. 25 adoptado na sesión da Xunta de Goberno Local de 22 de outubro de 2021 que se mantén nos seus termos polas razóns expostas no informe xurídico de 20 de decembro de 2021, que se achegará á recorrente e aos interesados a efectos de motivación deste acordo.

**RÉXIME DE RECURSOS-** Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, soamente poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición contencioso-Administrativa. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

## **SERVIZO DE CONTRATACIÓN**



**14.- Adjudicación, se procede, do servizo de redacción do proxecto de humanización das rúas Ánxel Barxa Compositor, Mestre Vide, Eduardo Blanco Amor e Alfonso R. Castelao do Concello de Ourense. (Expediente núm. 2020028000)**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

**Primeiro.- Adjudicar** a L2 Ingeniería y Consulting Galicia Sociedad Civil Profesional, titular do NIF J70404561, o contrato do servizo de redacción do proxecto de humanización das rúas Ánxel Barxa Compositor, Mestre Vide, Eduardo Blanco Amor e Alfonso R. Castelao do Concello de Ourense (expediente núm. 2020028000), de acordo co prego de prescricións técnicas e o prego de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local e a oferta presentada, por un prezo de 31.118,30 € de principal e 6.534,84 € de IVE, para un total de 37.653,14 €, con cargo á aplicación orzamentaria 100.1532.22706 (núm. operación previa RC 202100051285)

**Segundo.- Dar** traslado á Tesourería municipal dos acordos precedentes aos efectos contables oportunos.

**15.- Acordar, se procede, a prórroga do contrato do servizo de mantemento do xestor de bases de datos Oracle do Concello de Ourense. (Expediente 2021023447)**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

**1.- Acordar** a prórroga do contrato do servizo de mantemento do xestor de bases de datos Oracle do Concello de Ourense (expediente 2016014704), adjudicado a Asac Comunicaciones SL, titular do NIF B33490426, na data 07/11/2019, nas seguintes condicións:

- Prazo da prórroga: 1 ano (dende o 25/05/2022 ao 24/05/2023).
- Prezo: 6.440,00 €, máis 1.352,40 € en concepto de IVE, para un total de 7.792,40 €.

**2.- Aprobar e dispoñer** o gasto correspondente ao período de prórroga, por importe de 7.792,40 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias e a distribución por anualidades seguintes:

De conformidade co disposto no artigo 174.1 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a autorización do gasto para os exercicios futuros se subordinará á existencia de crédito adecuado e suficiente que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos municipais.

**SANIDADE**

**16.- Convenio regulador da subvención nominativa á Asociación Comité Cidadán Antisida de Ourense para o financiamento do Programa de Redución de Riscos en Usuarios de Drogas por Vía Parenteral correspondente ao exercicio 2021. (Expte. Núm. 2021040050)**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

**1º) Aprobar** a concesión dunha subvención nominativa, autorizando e comprometendo o gasto correspondente con cargo á aplicación orzamentaria do vixente orzamento, aprobando igualmente o convenio regulador da dita subvención conforme ao texto proposto pola Xefatura do Servizo de Saúde que obra no expediente con Código Seguro de Verificación nº E41FL1UM9F7D3IFH co seguinte contido:

Beneficiario: Asociación Comité Cidadán Antisida de Ourense





CIF: G32169609

Obxecto: financiamento do Programa de Redución de Riscos en Usuarios de Drogas por Vía Parenteral correspondente ao exercicio 2021.

Importe: 25.000 euros

Condições: as recollidas no convenio regulador da subvención.

Aplicación orzamentaria: S.140.3120. 48926

RC: N° de operación 202100059988.

**2º) Facultar** á Alcaldía para a sinatura do convenio coa entidade beneficiaria.

**3º) Notifíquese** á entidade interesada.

**4º) Déase** traslado á Tesourería municipal, para os efectos contables oportunos.

**17.- Convenio regulador da subvención nominativa para a Fundación Monte do Gozo- Proxecto Home Galicia para o financiamento do proxecto educativo-terapéutico de actividades de rehabilitación e reinserción en réxime residencial de condutas aditivas para persoas con adiccions correspondente ao exercicio 2021. (Expte. Núm. 2021013175)**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

**1º) Aprobar** a concesión dunha subvención nominativa, autorizando e comprometendo o gasto correspondente con cargo á aplicación orzamentaria do vixente orzamento, aprobando igualmente o convenio regulador da dita subvención conforme ao texto proposto pola Xefatura do Servizo de Saúde que obra no expediente con Código Seguro de Verificación nº CFZZ9R1IRFMI8BEW co seguinte contido:

Beneficiario: Fundación Monte do Gozo – Proxecto Home Galicia

CIF: G 15258213

Obxecto: financiamento do proxecto educativo - terapéutico de actividades de rehabilitación e reinserción en réxime residencial de condutas aditivas para persoas con adiccions correspondente ao exercicio 2021

Importe: 25.000 euros

Condições: as recollidas no convenio regulador da subvención.

Aplicación orzamentaria: S.140.3120.48921

RC: N° de operación 202100059986.

**2º) Facultar** á Alcaldía para a sinatura do convenio coa entidade beneficiaria.

**3º) Notifíquese** á entidade interesada.

**4º) Déase** traslado á Tesourería municipal, para os efectos contables oportunos.

**18.- Convenio regulador da subvención nominativa para a Asociación de Axuda ao Toxicómano (ATOX) para o financiamento do desenvolvemento do Programa de Piso de Acolida para a Incorporación Social correspondente ao exercicio 2021. (Expte. Núm. 2021018972)**



A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

**1º) Aprobar** a concesión dunha subvención nominativa, autorizando e comprometendo o gasto correspondente con cargo á aplicación orzamentaria do vixente orzamento, aprobando igualmente o convenio regulador da dita subvención conforme ao texto proposto pola Xefatura do Servizo de Saúde que obra no expediente con Código Seguro de Verificación nº Q303YVJR97NGJMIWS co seguinte contido:

Beneficiario: Asociación de Axuda ao Toxicómano (ATOX)

CIF: G32106429

Obxecto: financiamento do desenvolvemento do Programa de Piso de Acollida para a Incorporación Social correspondente ao exercicio 2021.

Importe: 25.000 euros

Condições: as recollidas no convenio regulador da subvención.

Aplicación orzamentaria: S.140.3120.48910

RC: Nº de operación 202100059987.

**2º) Facultar** á Alcaldía para a sinatura do convenio coa entidade beneficiaria.

**3º) Notifíquese** á entidade interesada.

**4º) Déase** traslado á Tesourería municipal, para os efectos contables oportunos.

## **ASUNTOS SOCIAIS**

### **19.- Expediente Nº 2021047688. Convalidación da omisión da función interventora de fiscalización previa.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

**Primeiro.- Convalidar** a omisión da función interventora do acordo que modificou as condicións contractuais inicialmente pactadas, na que ante a necesidade de contención do gasto municipal e de racionalizar o uso dos recursos dos que dispón o Concello, desde a Concellería de Asuntos Sociais, revisáronse os contratos de alugueiro adicados aos servizos desta área. Constatada a variación á baixa dos prezos do mercado de aluguer, e segundo a negociación levada a cabo co representante dos propietarios do local "Lampazas S.L.", modificouse a renda mensual.

**Segundo.- Aprobar e dispoñer** o gasto, e **recoñecer** a obriga a favor de Lampazas S.L co CIF B32006298, unha indemnización substitutoria por importe de 2.385,22 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 140.2310.20200 "Aluguer locais. Acción Social" do orzamento vixente, en concepto abono de aluguer correspondente ao exercicio 2021 das facturas núm. FAL671 e FAL734 correspondentes os meses de novembro e decembro de 2021 (RC núm. 202100006064).

**Terceiro.- Dar** traslado deste acordo á Tesourería municipal aos efectos do seu reflexo na contabilidade municipal.

**20.- Darse por enterada** da información do Sr. Alcalde e Concelleiros de Área con Delegación, sobre resolucións adoptadas ata a data.

Ningunha.





E non habendo máis asuntos que tratar, o Excmo. Sr Alcalde-Presidente, levantou a sesión ás oito horas e cincuenta e cinco minutos (08h:55'), do que como Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local dou fe.

